



**REFERENCIA DO CONSELLO DA XUNTA DE GALICIA
QUE TIVO LUGAR NO COMPLEXO ADMINISTRATIVO
DE SAN CAETANO O DÍA 31 DE XANEIRO DE 2008,
BAIXO A PRESIDENCIA DO SR. D.
EMILIO PÉREZ TOURIÑO**

DECRETOS

CONSELLERÍA DE PRESIDENCIA, ADMINISTRACIÓNS PÚBLICAS E XUSTIZA

- Decreto polo que se aproban os estatutos do Ilustre Colexio Oficial de Licenciados en Educación Física e en Ciencias da Actividade Física e do Deporte de Galicia
- Decreto polo que se dispón o cesamento de Antonio Izquierdo Escribano como director da Escola Galega de Administración Pública
- Decreto polo que se dispón o cesamento de Carlos Suárez- Mira Rodríguez como director xeral da Academia Galega de Seguridade Pública
- Decreto polo que se dispón o nomeamento de Carlos Suárez- Mira Rodríguez como director da Escola Galega de Administración Pública

ACORDOS

CONSELLERÍA DE PRESIDENCIA, ADMINISTRACIÓNS PÚBLICAS E XUSTIZA

- Acordo polo que se autoriza o inicio dos trámites previstos no Real decreto 37/2008, do 18 de xaneiro, conducentes á constitución e posta en marcha de Galicia- Norte de Portugal, Agrupación Europea de Cooperación Territorial ao abeiro do Regulamento (CE) 1082/2006
- Acordo polo que se autoriza a subscrición dun convenio de colaboración entre a Secretaría Xeral de Emigración e o Concello de Santiago de Compostela para levar a cabo un programa de información, orientación e inserción sociolaboral para emigrantes retornados e inmigrantes neste concello
- Acordo polo que se autoriza a subscrición dun convenio de colaboración entre a Secretaría Xeral de Emigración e o Concello de Pontevedra para levar a cabo un



programa de información, orientación e inserción sociolaboral para emigrantes retornados e inmigrantes neste concello

- Acordo polo que se autoriza a subscripción dun convenio de colaboración entre a Secretaría Xeral de Emigración e o Concello de Ferrol para levar a cabo un programa de información, orientación e inserción sociolaboral para emigrantes retornados e inmigrantes neste concello
- Acordo polo que se autoriza a subscripción dun convenio de colaboración entre a Secretaría Xeral de Emigración e o Concello de Ourense para levar a cabo un programa de información, orientación e inserción sociolaboral para emigrantes retornados e inmigrantes neste concello
- Acordo polo que se autoriza a subscripción dun convenio de colaboración entre a Secretaría Xeral de Emigración e o Concello da Coruña para levar a cabo un programa de información, orientación e inserción sociolaboral para emigrantes retornados e inmigrantes neste concello
- Acordo polo que se autoriza a subscripción dun convenio de colaboración entre a Secretaría Xeral de Emigración e o Concello de Vigo para levar a cabo un programa de información, orientación e inserción sociolaboral para emigrantes retornados e inmigrantes neste concello
- Acordo polo que se autoriza a subscripción dun convenio de colaboración entre a Secretaría Xeral de Emigración e o Consorcio das Mariñas para levar a cabo un programa de información, orientación e inserción sociolaboral para emigrantes retornados e inmigrantes neste concello
- Acordo polo que se autoriza a subscripción dun convenio de colaboración entre a Secretaría Xeral de Emigración e o Concello de Lugo para levar a cabo un programa de información, orientación e inserción sociolaboral para emigrantes retornados e inmigrantes neste concello

CONSELLERÍA DE POLÍTICA TERRITORIAL, OBRAS PÚBLICAS E TRANSPORTES

- Acordo polo que se autoriza a adquisición de compromisos de gasto de carácter plurianual derivados do proxecto de orde pola que se establecen as bases reguladoras e se convocan subvencións para establecer servizos de transporte público nocturno a lugares de lecer baixo a marca NoiteBus con cargo ao capítulo IV dos orzamentos de gastos da comunidade autónoma

CONSELLERÍA DE EDUCACIÓN E ORDENACIÓN UNIVERSITARIA

- Acordo polo que se designan os representantes da Xunta de Galicia nos consellos sociais das universidades galegas
- Acordo polo que se autoriza a Consellería de Educación e Ordenación Universitaria á sinatura dun convenio de colaboración coa Fundación Camilo José Cela, para a instrumentación da subvención nominativa que figura nos orzamentos da comunidade autónoma

CONSELLERÍA DE INNOVACIÓN E INDUSTRIA

- Acordo polo que se autoriza a subscripción do convenio de colaboración entre a Sociedade de Imaxe e Promoción Turística de Galicia (TURGALICIA) e o Instituto de Turismo de España (TURESPAÑA) para levar a cabo unha campaña de publicidade conxunta para o ano 2008

CONSELLERÍA DE SANIDADE

- Acordo polo que se autoriza a sinatura dun convenio de colaboración entre a Consellería de Sanidade, o Servizo Galego de Saúde e a Universidade de Santiago de Compostela para a constitución do Instituto de Investigación Sanitaria de Santiago de Compostela
- Acordo polo que se autoriza a sinatura dun convenio de colaboración entre a Consellería de Sanidade, o Servizo Galego de Saúde e a Universidade da Coruña para a constitución do Instituto de Investigación Sanitaria da Coruña

CONSELLERÍA DE MEDIO AMBIENTE E DESENVOLVEMENTO SOSTIBLE

- Acordo polo que se aproba a colaboración técnica e financeira da Xunta de Galicia co Concello do Barco de Valdeorras para a execución da obra "Mellora do saneamento na Comunidade Autónoma, saneamento das marxes do Sil no núcleo do Barco de Valdeorras. Treitos Viloira- Viloval- Veigamuíños. O Barco de Valdeorras (Ourense)



MOCIÓNS E PROPOSTAS

- Declaración institucional de apoio á candidatura de Vigo á universiada de verán 2013
- Declaración institucional de apoio á candidatura da Torre de Hércules para a súa inclusión na lista do Patrimonio mundial por parte da UNESCO

INFORMES

CONSELLERÍA DE SANIDADE

- Informe no que se dá conta ao Consello da Xunta de Galicia sobre a investigación biosanitaria en Galicia



O CONSELLO APROBA OS ESTATUTOS DO COLEXIO OFICIAL DE LICENCIADOS EN EDUCACIÓN FÍSICA E EN CIENCIAS DA ACTIVIDADE FÍSICA E DO DEPORTE EN GALICIA

- *Entre os seus fins están a defensa dos dereitos dos seus Colexiados e a mellora dos estudos conducentes á obtención de títulos para o exercicio da profesión*
- *Exercerá as accións procedentes por presuntos delitos ou faltas de intrusión*

O Consello da Xunta aprobou hoxe, na súa xuntanza semanal, os estatutos do Colexio Oficial de Licenciados en Educación Física e en Ciencias da Actividade Física e do Deporte de Galicia (CALEF e CAFD).

O texto establece que esta profesión lle presta un servizo á sociedade en interese público, e que pode exercerse de forma dependente ou independente por medio de técnicas e métodos cientificamente dirixidos á formación integral do individuo a través do movemento e da exercitación física; ao movemento da capacidade funcional e motora do corpo; e á organización e desenvolvemento das actividades físicas, deportivas e recreativas, así como á dirección técnica dos medios e instalacións destinados a estes fins. Os organismos reitores desta profesión na demarcación territorial de Galicia serán o Colexio Oficial de Licenciados en Educación Física e en Ciencias da Actividade Física e do Deporte e o Consello Xeral dos Colexios de Licenciados en Educación Física e en Ciencias da Actividade Física e do Deporte de España, no que se integra.

O COLEF e CAFD é, segundo o decreto, unha entidade sen ánimo de lucro, entendida como unha corporación de Dereito Público amparada pola lei e recoñecida polo Estado e pola comunidade autónoma, con personalidade xurídica propia e plena capacidade para obrar para o cumprimento dos seus fins. Exercerá as súas competencias no ámbito territorial de Galicia.

Fins do colexio

Os fins esenciais do colexio son a ordenación do exercicio da profesión dos licenciados; a representación exclusiva desta; a defensa dos dereitos e intereses dos seus Colexiados; o control deontolóxico; a cooperación na mellora dos estudos conducentes á obtención de títulos que habiliten para o exercicio da profesión; a mellora do nivel de calidade das prestacións profesionais dos Colexiados, promovendo a formación e o seu perfeccionamento; e a aplicación do réxime disciplinario aos profesionais Colexiados.

Así mesmo, poderá elaborar un código deontolóxico de obrigado cumprimento para os licenciados en Ciencias da Actividade Física e do Deporte que exerzan a súa profesión na Comunidade Autónoma de Galicia. Tamén exercerá as accións que sexan



precedentes por presuntos delitos ou faltas de intrusión, sen prexuízo da adopción de calquera outra medida legal que tenda a combater a intrusión profesional.

Doutra banda, o texto establece que non se poderá limitar o número dos compoñentes do COLEF e CAFD, nin pecharse temporal ou definitivamente a admisión de novos aspirantes; e que a intervención profesional dos licenciados doutros países membros da Unión Europea acomodarse ás normas vixentes para o ámbito comunitario.

Colexición

Os colexiados poderán ser exercentes –que exerzan a profesión en calquera das súas modalidades ou desempeñen funcións relacionadas coa titulación- ou non exercentes –aqueles que desexen pertencer á organización colexial sen estar obrigados a iso ou que non exerzan a profesión-. Con carácter honorífico poderán pertencer ao COLEF e CAFD aquelas persoas de gran relevancia no campo da educación física.

O decreto sinala que é requisito indispensable para o exercicio da profesión en Galicia estar incorporado como exercente ao colexio. Porén, os titulados vinculados coa Administración pública mediante a relación de servizos de carácter administrativo ou laboral non precisan estar colexiados para o exercicio de funcións puramente administrativas nin para a realización de actividades propias da profesión por conta da Administración a que pertenzan cando o destinatario inmediato delas sexa ela mesma. A colexiación si será obrigatoria para o exercicio da actividade privada.

Os requisitos existentes para incorporarse ao colexio son: ser de nacionalidade española, dalgún dos Estados da UE ou doutros Estados parte do acordo sobre o Espazo Económico Europeo; ser maior de idade; estar en posesión do título correspondente; non estar inhabilitado para o exercicio profesional; satisfacer a cota de ingreso e as demais que estableza a entidade; e non estar inmerso en causa de incompatibilidade, incapacidade ou prohibición.

Tamén poderán exercer a profesión en Galicia os licenciados incorporados a colexios profesionais de distinto ámbito territorial, que neste caso estarán obrigados a comunicarlle ao COLEF e CAFD as actuacións que realicen na súa demarcación territorial para quedar suxeitos ás correspondentes competencias de ordenación, control deontolóxico e potestade disciplinaria.

Dereitos e deberes dos colexiados

Os dereitos dos colexiados establecidos por este decreto son, entre outros, actuar profesionalmente en todo o territorio nacional; participar do uso dos bens do colexio e dos servizos que teña establecidos; participar na xestión corporativa; realizar o exercicio profesional con toda liberdade e independencia; obter a protección da súa



liberdade de actuación profesional; e ter a insignia colexial ou calquera outra distinción ou recoñecemento expedida pola organización.

No que se refire aos seus deberes, estes inclúen cumprir as normas legais e estatutarias e os demais acordos dos órganos corporativos; estar ao día no pagamento das cotas e demais cargas colexiais; informar de calquera modificación de datos persoais relevantes; denunciar ante o colexio os actos de intrusión e de exercicio legal que cheguen ao seu coñecemento; desenvolver a súa profesión co máximo celo e dilixencia; e gardarlles o respecto debido aos demais compañeiros.

Órganos colexiais

Os órganos esenciais da estrutura colexial son o presidente, a Xunta de Goberno e a Asemblea Xeral. O presidente exerce a representación do Colexio, executa os acordos do órgano de goberno e exerce cantas facultades e funcións lle confira a normativa vixente. Será elixido polos colexiados como órgano diferenciado da Xunta de Goberno, con independencia de que lle corresponda, así mesmo, a presidencia desta.

A Xunta de Goberno, pola súa banda, estará constituída polo menos por un presidente, un vicepresidente, un secretario, un vicesecretario, un tesoureiro e un vogal por cada unha das provincias galegas. Entre as súas atribucións están someter a referendo asuntos concretos de interese colexial; resolver sobre a admisión dos licenciados; exercitar accións e actuacións oportunas para impedir a perseguir a intrusión; recadar o importe das costas; exercer as facultades disciplinarias respecto aos colexiados; e defender estes no desempeño das funcións da profesións.

Po último, ás asembleas xerais –ordinarias e extraordinarias- poderán asistir con voz e voto todos os colexiados. As ordinarias terán lugar polo menos unha vez ao ano, e as extraordinarias celebraranse por iniciativa do presidente, da Xunta de Goberno ou a petición de polo menos o 10% dos colexiados.

CARLOS SUÁREZ-MIRA RODRÍGUEZ NOMEADO NOVO DIRECTOR DA ESCOLA GALEGA DE ADMINISTRACIÓN PÚBLICA

- *Para acceder a este cargo, cesa como director da Academia Galega de Seguridade Pública e faise cargo destas funcións a directora xeral de Interior*

Carlos Suárez-Mira Rodríguez foi nomeado hoxe polo Consello da Xunta director da Escola Galega de Administración Pública (EGAP). Suárez-Mira, que cesa como director da Academia Galega de Seguridade, substitúe no seu cargo a Antonio Izquierdo Escribano, que cesa a petición propia como director da EGAP.

A titular da Dirección Xeral de Interior farase cargo das funcións encomendadas ao director da Academia Galega de Seguridade pola evidente relación material e formal que mantén a Academia con este centro directivo, do que proceden as transferencias dos fondos orzamentarios cos que se financia a AGASP.

Carlos Suárez-Mira Rodríguez licenciouse en Dereito na Universidade de Santiago de Compostela en 1989, acadando o grao de Doutor en Dereito pola Universidade de Vigo en 1994. Exerceu como profesor de Dereito Penal nas Universidades de Valencia, Vigo e A Coruña, da cal foi profesor titular desde 1998 ata o seu nomeamento en setembro de 2005 como Director Xeral do Centro de Estudos Xudiciais e Seguridade Pública de Galicia (CEXESGA), centro que actualmente é a Academia Galega de Seguridade Pública (AGASP) e onde permaneceu no seu cargo ata o día de hoxe.

É autor de varios libros de Dereito Penal e numerosos artigos doutriniais, destacando dous manuais de formación de xuíces e fiscais. Así mesmo, participou en varios proxectos de investigación de carácter nacional e coordinou diversos eventos científicos. Suárez-Mira ampliou a súa formación académica en universidades e centros de investigación de Alemania e de Italia. Desempeñou tamén diversos cargos de xestión académica como secretario do Instituto de Criminoloxía da Universidade de Valencia, Vicedecano da Facultade de Dereito da Universidade da Coruña e Director do Departamento de Dereito Público desta mesma Universidade. Ademais, tamén exerceu como maxistrado suplente na Audiencia Provincial da Coruña.



A XUNTA DÁ LUZ VERDE Á AECT GALICIA-NORTE DE PORTUGAL, QUE PERMITIRÁ UNHA COOPERACIÓN TRANSFRONTEIRIZA DE SEGUNDA XERACIÓN

- *O Consello da Xunta aproba a solicitude para a constitución da Agrupación Europea de Cooperación Territorial, a primeira que presenta unha autonomía española e que só está pendente agora de aprobación por parte do Consello de Ministros e das autoridades lusas*
- *O novo ente, que terá a súa sede en Vigo, facilitará a captación e xestión de fondos públicos e privados para financiar proxectos e servizos de interese común*
- *O estreitamento de lazos entre os dous territorios dará lugar á terceira área peninsular en importancia, cunha poboación de máis de 6 millóns e medio de persoas e un PIB de 90.000 millóns de euros*

O Consello da Xunta autorizou na súa reunión de hoxe o inicio dos trámites para a posta en funcionamento da Agrupación Europea de Cooperación Territorial Galicia-Norte de Portugal, un novo instrumento da política rexional da Unión Europea que vén consolidar e potenciar a colaboración que xa existe entre ambos os territorios no marco da Eurorrexión e que terá a súa sede na cidade de Vigo.

Este organismo será o encargado de xestionar o Plan estratéxico de cooperación 2007-2013 da Comunidade de Traballo Galicia- Norte de Portugal dotado con 97 millóns de euros e que pretende crear un territorio atractivo para vivir, traballar e investir. Este plan que foi aprobado en abril de 2007.

Galicia e a rexión Norte de Portugal foron os primeiros promotores dunha AECT a nivel comunitario, que se viu retardada pola obrigación de levar a cabo un proceso de desenvolvemento normativo en cada un dos Estados. Porén, a AECT galega será, previsiblemente, a primeira que se cree en España e unha das primeiras en toda a Unión Europea, xa que só resta a aprobación do Consello de Ministros, previa solicitude de informes aos ministerios de Economía e Asuntos Exteriores, aos que xa se lles remitiron os documentos preceptivos. Posteriormente terá que realizarse a inscrición no rexistro correspondente do Ministerio de Asuntos Exteriores.

Administración común e máis financiamento

O novo ente que se constituía dotará de personalidade xurídica propia á actual Eurorrexión Galicia-Norte de Portugal e abre unha cooperación de segunda xeración ao permitir que se afonde na xestión compartida dos fondos comunitarios. Así mesmo, garántese a estabilidade na administración común dos asuntos transfronteirizos, ao illala das circunstancias cambiantes dos entes promotores.



Un dos obxectivos prioritarios na posta en marcha da AECT Galicia-Norte de Portugal é mellorar os instrumentos para a captación de fondos, tanto públicos como privados, co fin de financiar proxectos e servizos de interese común. Nesa liña, permite a planificación e execución integral destes.

Grazas a este instrumento, Galicia e o norte de Portugal estarán en primeira liña para a consecución de recursos financeiros da Unión Europea, de especial importancia no panorama actual, xa que en 2013 Galicia deixará de recibir os fondos estruturais dos que se beneficia na actualidade e a única forma de obter financiamento será recorrer ás convocatorias de programas comunitarios.

Créase a terceira área peninsular en importancia

Coa cooperación que se impulsa grazas á nova AECT crearase a terceira área peninsular en importancia, cunha poboación que roza os 6 millóns e medio de persoas e un PIB de 90.000 millóns de euros. Así mesmo, reforzarase o volume de intercambios comerciais no seu interior, que xa acada os 2.000 millóns de euros.



EMIGRACIÓN E AS SETE CIDADES GALEGAS DESENVOLVERÁN NOS VINDEIROS DOUS ANOS PROGRAMAS INTEGRAIS DE ATENCIÓN A INMIGRANTES E RETORNADOS

- *O Consello da Xunta autoriza a sinatura de convenios cos concellos da Coruña, Vigo, Santiago de Compostela, Ourense, Ferrol, Pontevedra e Lugo*
- *O Consorcio das Mariñas, dada importante poboación de inmigrantes e retornados que aglutina, tamén disporá dunha unidade especial de atención e información*

A Secretaría Xeral de Emigración e o os concellos da Coruña, Vigo, Ourense, Lugo, Ferrol, Santiago de Compostela e Pontevedra, aos que se engade o Consorcio das Mariñas, desenvolverán en cada un dos municipios unha programación que permita ofrecer atención integral a cidadáns inmigrantes e emigrantes retornados.

O obxecto dos convenios que, autorizados hoxe polo Consello da Xunta, Emigración asinará coas sete cidades de Galicia e o consorcio das Mariñas -debido á importante poboación de inmigrantes e retornados e a súa situación na área de influencia da cidade da Coruña- é facilitar a integración social e laboral daqueles colectivos.

Os programas consistirán no funcionamento de unidades de información, orientación e asesoramento xurídico e socio-laboral por parte destas entidades que desenvolverán diferentes actuacións. Entre elas informar sobre a situación xurídica e trámites administrativos que se van realizar dada a condición de inmigrante ou emigrante retornado. Neste sentido, as unidades asesorarán na tramitación de permisos de residencia, traballo, visados, adquisición de nacionalidade, agrupamento familiar e calquera outro trámite administrativo que este colectivo precise, así como sobre as posibles prestacións sociais, educativas ou sanitarias as que tivesen dereito.

Así mesmo facilitarase todo tipo de información acerca de programas formativos e de orientación e inserción laboral e outras axudas as que poidan ter aceso e que faciliten a súa inserción no mercado laboral; e promoverase a incorporación dos inmigrantes ás redes sociais e á vida comunitaria, incluso a través de intervencións individuais e familiares.

Vixencia para dous anos

Os convenios, que teñen carácter bianual con vixencia dende o 1 de xaneiro de 2008 ata o 31 de decembro de 2009, serán financiados pola Secretaría de Emigración en función da poboación. Así, os concellos da Coruña e Vigo recibirán 81.854 euros en 2008 e 83.491 euros en 2009. Pola súa parte, Ourense, Santiago de Compostela, Ferrol, Lugo e Pontevedra conveniarán con Emigración as cantidades de 68.784 euros para o presente ano e 70.160 euros para o próximo. O Consorcio das Mariñas



contará cun financiamento de 63.648 euros e 64.921 euros para 2008 e 2009 respectivamente.

As achegas feitas pola Secretaría Xeral de Emigración serán destinadas a sufragar os gastos do persoal necesario para o funcionamento da oficina, entre o que deberá figurar, en calquera caso, un/unha licenciado/a en dereito especializado/a nas áreas de estranxeiría e emigración.



POLÍTICA TERRITORIAL DESTINA 4,2 MILLÓNS DE EUROS A SUBVENCIONAR OS CONCELLOS E EMPRESAS DE TRANSPORTE QUE QUEIRAN IMPLANTAR O NOITEBÚS

- *As axudas a concellos e empresas acadarán o 90 por cento do importe total do servizo*
- *A orde de axudas prevé o financiamento de rutas durante todo este ano e o primeiro semestre de 2009*
- *O prezo do billete para os usuarios será de 2 euros, o que dará dereito a viaxar sen límite de veces durante unha mesma xornada*

O Consello da Xunta autorizou hoxe a orde de axudas da Consellería de Política Territorial, Obras Públicas e Transportes, dirixida a concellos e empresas de transporte para a implantación de rutas de *Noitebús* en toda Galicia. Esta orde, que proximamente publicará o *Diario Oficial de Galicia*, está dotada con 4,2 millóns de euros (3 millóns para empresas e 1,2 millóns para as entidades locais) e terá unha vixencia de ano e medio, é dicir, ata xullo de 2009. A contía total para o citado período triplica a cantidade destinada para tal fin durante o exercicio 2007.

A prestación destes servizos poderá realizarse baixo algunha das modalidades previstas na normativa que rexe actualmente o transporte público regular a lugares de lecer: como servizos temporais (especialmente orientados ás empresas de transporte) ou como servizos de uso especial (singularmente destinados aos concellos). En calquera destes casos respectaranse plenamente os dereitos legalmente recoñecidos aos concesionarios de servizos de transporte público regular permanente de viaxeiros de uso xeral. Ademais, estas subvencións están destinadas a aqueles servizos que teñan o carácter de interurbanos, polo que se exclúen expresamente os servizos de carácter urbano.

O obxectivo final desta liña de axudas é que o *Noitebús* se estenda xeográfica e temporalmente, de xeito que os servizos funcionen durante todo o ano no maior número de sitios posibles. Para iso, os interesados disporán dun mes a partir da publicación no DOG para solicitar a correspondente subvención. A tramitación destas axudas realizarase obrigatoriamente vía telemática a través da internet. Pola súa banda, a Dirección Xeral de Transportes disporá de tres meses a partir da publicación para resolver as solicitudes presentadas. Pero, con independencia destes prazos, e para non limitar temporalmente a prestación, os servizos poderán comezar con antelación á resolución definitiva.

Condicións para os concellos e empresas

As axudas previstas na orde acadarán ata un máximo do 90 por cento do importe total do servizo planificado. As subvencións son compatibles con outras axudas que o

beneficiario poida obter, non podendo, en ningún caso, superar o custo do servizo que se subvenciona.

No caso das subvencións que van dirixidas aos concellos, a suma total de todas as axudas que se concedan xunto cos ingresos procedentes da venda de billetes non poderá superar o orzamento total que require o servizo, aínda que si se poderá establecer que os ingresos procedentes da venda de billetes se constitúa como beneficio industrial accesorio do transportista, como unha forma de incentivo para un maior índice de ocupación dos vehículos.

Así mesmo, no marco desta orde, tanto empresas como concellos solicitantes poderán acollerse a subvencións parciais ata o 80% de actuacións de publicidade que eles mesmos realicen sobre os servizos de *Noitebús* que se sexan concedidos.

Condicións para os usuarios

O prezo dos billetes establécese obrigatoriamente en 2 euros, que dará dereito á utilización sen límite de veces do servizo ao longo dunha mesma xornada, non admitíndose a redución deste importe nin a venda de títulos simples de só ida ou só volta. De xeito excepcional e motivado poderíanse solicitar modalidades de tarifa diferente ou tarifas superiores atendendo ás singularidades do servizo.

Nos billetes que se entreguen aos usuarios, que serán numerados e que deberán levar a bordo do vehículo, deberá figurar a marca *Noitebús* coa súa imaxe corporativa así como a indicación de que é un servizo subvencionado pola Consellería de Política Territorial, Obras Públicas e Transportes.

Cómpre lembrar que o *Noitebús* enmárcase dentro da aposta da Consellería de Política Territorial por reducir a sinistralidade nas estradas, especialmente entre a xente nova durante os desprazamentos nocturnos en períodos de fin de semana e festivos. Precisamente, o *Noitebús* é unha das medidas que se inclúen no Plan Galego de Seguridade Viaria 2006-2010 elaborado pola CPTOPT en colaboración resto das consellerías da Xunta de Galicia, as administracións central e municipal e diversos colectivos relacionados con esta problemática.



AUTORIZADO O ACORDO DE DESIGNACIÓN DOS REPRESENTANTES DA XUNTA NOS CONSELLOS SOCIAIS DAS UNIVERSIDADES GALEGAS

- *O Consello da Xunta autorizou tamén a sinatura dun convenio entre a Consellería de Educación e a Fundación Camilo José Cela para financiar actividades educativas que realice esta sociedade en 2008*

O Consello da Xunta autorizou un acordo polo que se designan os representantes da Xunta de Galicia nos Consellos Sociais das universidades galegas. A Lei 1/2003, do 9 de maio, dos consellos sociais do Sistema Universitario de Galicia (SUG) establece, no seu artigo 7, a súa composición. Así, no número 3.c) determínase que seis dos seus membros os designará a Xunta de Galicia en representación dos intereses sociais.

En virtude do establecido nesta normativa, a Consellería de Educación e Ordenación Universitaria propón para que integren os Consellos Sociais das universidades galegas, en representación dos intereses sociais por designación da Xunta de Galicia, as seguintes persoas: para o Consello Social da Universidade da Coruña, a Bruno Díaz Doce, Ramón Núñez Centella, Olga Patiño Doval, Xosé Lois Seixo Fernández, Delia Vázquez Vázquez, e Patricia Vila Castiñeira.

Para compoñer o Consello Social da Universidade de Santiago de Compostela, propónse a Xosé Manuel Becerra Pardo, María Caeiro Rey, María del Rosario García Ramos, José Antonio López Graña, Lisardo Reymóndez Rey, e Sira Vidal Laxe. Finalmente, a Administración educativa propón para a constitución do Consello Social da Universidade de Vigo a José María Casas Ron, Mercedes Castro Mouzo, Miguel Anxo González Trigás, María Xesús Moreira Fontán, Arsenio Xaquín Lorenzo Paz Carballo, e Patricia Vilán Lorenzo

Convenio entre Educación e a Fundación Camilo José Cela

Ademais, o Consello da Xunta autorizou a sinatura dun convenio de colaboración entre a Consellería de Educación e Ordenación Universitaria e a Fundación Camilo José Cela que ten por obxecto instrumentar a subvención nominativa que figura nos orzamentos da comunidade autónoma para o ano 2008 a favor desta fundación. En virtude deste acordo, a Administración educativa achegará a esta sociedade un total de 200.000 euros. Esta subvención servirá para financiar os gastos correntes e de persoal que se produzan este ano como consecuencia da realización das actividades que figuran nos estatutos da Fundación Camilo José Cela.

A Fundación Camilo José Cela, de carácter cultural privado e permanente, ten como finalidade promover o estudo da obra de Camilo José Cela, conservar o seu patrimonio cultural, humano e anecdótico, así como procurar estender o coñecemento



xeral da obra e patrimonio, así como de todas aquelas actividades dirixidas ao fomento da cultura.



A XUNTA E O GOBERNO DE ESPAÑA DESTINARÁN 1.200.000 EUROS PARA A PROMOCIÓN INTERNACIONAL DE GALICIA

- *O Consello da Xunta aproba un acordo entre Turgalicia e Turespaña para financiar a partes iguais as actividades de promoción do turismo galego en distintos mercados internacionais*

O Consello da Xunta autorizou esta mañá a sinatura dun convenio de colaboración entre a Consellería de Innovación e Industria, a través de Turgalicia, e Turespaña mediante o cal os dous organismos financiarán ao 50% as actividades necesarias para a promoción turística de Galicia en mercados internacionais, e que contarán cun orzamento final de 1.200.000 de euros. O convenio asinarase hoxe mesmo dentro da Feira Internacional de Turismo FITUR 2008.

Estes recursos estarán destinados a crear diversas campañas de promoción tanto en medios de comunicación convencionais, como en medios en línea, actuacións para as cales está destinada unha partida específica de 280.000 euros, que tamén se financiarán de xeito conxunto a partes iguais. Os mercados internacionais obxecto desta promoción serán os de Alemaña, Francia, Italia, Países Baixos, Portugal e Reino Unido.

Estas actividades publicitarias empregarán os medios visuais específicos de Galicia elaborados en 2005 e 2006 mediante un convenio previo asinado por estas dúas mesmas entidades, pero renovándose en 2007 segundo os criterios da campaña SMILE. Se se precisase de novo material dese tipo, Turgalicia sería o ente encargado da súa creación, respectando o 'lay-out' empregado por Turespaña pero con titulares e textos específicos para os produtos turísticos galegos.



O CONSELLO DA XUNTA AUTORIZA A CONSTITUCIÓN DOS INSTITUTOS DE INVESTIGACIÓN SANITARIA DE SANTIAGO DE COMPOSTELA E DA CORUÑA

- *Tamén se están a dar os pasos para a creación dun terceiro instituto en Vigo*
- *Estes centros buscan integrar a investigación sanitaria, optimizar recursos e trasladar con maior axilidade os resultados das investigacións á práctica clínica*
- *A conselleira de Sanidade presentou un informe ao Consello da Xunta sobre o Anteproxecto de Lei do Instituto Galego de Investigación Sanitaria, que se atopa en fase de exposición pública*
- *Coa aprobación deste institutos, Galicia convértese na terceira comunidade autónoma en contar con este tipo de centros e a primeira en ter máis dun instituto no seu territorio*
- *Os institutos de Santiago e A Coruña darán acollida a arredor de 400 profesionais que están a desenvolver importantes investigacións no eido da biomedicina*

O Consello da Xunta de Galicia autorizou hoxe cadanseu convenio de colaboración entre a Consellería de Sanidade e o Servizo Galego de Saúde coas Universidades de Santiago de Compostela e da Coruña para a constitución dos respectivos institutos de investigación sanitaria. Estes centros buscan integrar a investigación sanitaria, optimizar recursos e trasladar con maior axilidade os resultados das investigacións á práctica clínica.

A análise do desenvolvemento actual da investigación en biomedicina e ciencias da saúde en Galicia aconsellan formular a constitución destes dous centros de investigación. O Instituto de Saúde Carlos III, dependente do Ministerio de Sanidade, establece que este tipo de institutos deben formularse asociados a un centro sanitario, neste caso os Complexos Hospitalarios Universitarios de Santiago de Compostela e Juan Canalejo da Coruña, e en colaboración cunha universidade, que neste caso son a de Santiago de Compostela e a da Coruña.

A conselleira de Sanidade informou hoxe durante a xuntanza do Consello que, por criterios de equidade territorial e resposta ás demandas das e dos profesionais e das institucións, proxéctase un terceiro instituto acreditado no Complexo Hospitalario Universitario de Vigo, en colaboración coa Universidade de Vigo. Actualmente, Vigo non cumpre os requisitos necesarios para constituír un instituto destas características. A Consellería de Sanidade están a traballar xa para poder dotar o Complexo Hospitalario Universitario de Vigo das condicións necesarias para cumprir os devanditos requisitos.

Unha vez constituídos estes institutos de Santiago (no que arredor de 250 profesionais están a desenvolver diversas investigacións) e A Coruña (que conta con



cerca de 200 profesionais), estes deberán ser definitivamente acreditados, en aproximadamente oito meses, por parte do Instituto de Saúde Carlos III. Esta acreditación permitirá que sexan centros asociados ao propio Carlos III, organismo dependente do Ministerio de Sanidade dedicado á investigación e apoio científico en biomedicina e ciencias da Saúde.

Coa aprobación destes dous institutos, Galicia convértese na terceira comunidade autónoma en contar con este tipo de centros. De feito, só existe un en Sevilla e outro en Barcelona. Galicia será, polo tanto, a primeira comunidade autónoma en contar con máis dun Instituto de Investigación Sanitaria.

Dous obxectivos

A creación do Instituto de Investigación Sanitaria de Santiago de Compostela e do Instituto de Investigación Sanitaria da Coruña responde a dous obxectivos. Dunha banda, a aproximación e integración harmónica da investigación básica, clínica e de saúde pública, e a súa transferencia e aplicabilidade na práctica médica.

Por outra banda, manteñen o obxectivo de potenciar os centros sanitarios como centros de investigación en que se identifican lagoas de coñecemento, se xeran proxectos para respondelas, se léva adiante a investigación e se produce a transferencia do coñecemento acadado á prevención, diagnóstico e tratamento.

Estes institutos actuarán sobre as liñas de investigación concretas e xa definidas baseadas fundamentalmente en: problemas de saúde como enfermidades neurolóxicas; cancro; enfermidades músculo-esqueléticas e do aparato locomotor; enfermidades endócrinas, nutricionais e metabólicas; enfermidades cardiovasculares; e enfermidades infecciosas. Ademais tamén noutras áreas transversais como inflamación; xenética e bioloxía de sistemas; epidemioloxía, saúde pública e servizos de saúde; e farmacoloxía.

Estratexia galega de investigación biosanitaria

No Consello da Xunta de hoxe, a conselleira de Sanidade explicou a estratexia de investigación biosanitaria en Galicia que xorde da Estratexia Nacional de Ciencia e Tecnoloxía que ten como horizonte o ano 2015, e dos compromisos adquiridos na III Conferencia de Presidentes celebrada en xaneiro de 2007.

A estratexia galega busca aumentar a contratación estable de investigadores excelentes ao sistema sanitario; incrementar a dotación de persoal asistencial dedicado á investigación; crear un fondo estable para a contratación de técnicos de apoio á investigación; e favorecer a incorporación de grupos de investigadores e investigadoras en I + D + i biomédica e sanitaria.



Dende o punto de vista orzamentario, a Consellería de Sanidade tamén ten asumido importantes compromisos incorporando, por vez primeira, unha partida orzamentaria especificamente destinada ao fomento da investigación. Así por exemplo, na Lei de orzamentos da Comunidade Autónoma de Galicia para 2008 recóllese unha partida de 716.800 euros destinados a desenvolver as devanditas accións. Esta cantidade supón un incremento superior ao 24 por cento.

Este orzamento permite, en primeiro lugar, a estabilización de investigadores en centros sanitarios. Actualmente incorporáronse sete profesionais ao sistema sanitario galego.

Outra liña de actuación desenvolta pola Consellería de Sanidade, a través da súa Dirección Xeral de Aseguramento e Planificación Sanitaria, permite que o persoal investigador se libere da metade das súas tarefas asistenciais, dispoñendo así de máis tempo para a súa investigación. Neste ano 2008 un total de 17 profesionais (oito financiados polo Instituto de Saúde Carlos III e nove por fondos propios da Consellería de Sanidade) contan con persoal substituto para a asistencia.

Do mesmo xeito, a Consellería de Sanidade está a traballar na recuperación de profesionais científicos que ata agora desenvolvían o seu labor fóra de Galicia, para fomentar a consolidación de equipos de investigación de carácter estable. Así, para este ano está prevista a incorporación de tres novos grupos de investigadores con contratos estables.

De forma paralela á constitución dos devanditos Institutos de Investigación Sanitaria de Santiago e da Coruña, a Consellería de Sanidade ten previsto tramitar o anteproxecto de Lei de creación do Instituto Galego de Investigación Sanitaria. Este texto atópase, dende o pasado 15 de xaneiro, en fase de exposición pública a través das páxinas web da Sanidade pública galega (www.galiciasaude.es ou www.sergas.es)

O obxectivo deste instituto é a coordinación, xestión, transferencia e avaliación a nivel galego das actividades e I+D+i no ámbito da xeración e transferencia do coñecemento, a avaliación de tecnoloxías, e na investigación biomédica e en ciencias da saúde. Ademais, garantirá a capacidade para a captación de recursos económicos externos e a súa xestión transparente ante a cidadanía galega.



MEDIO AMBIENTE INVISTE 3,7 MILLÓNS DE EUROS NO SANEAMENTO DAS MARXES DO SIL, NO CONCELLO OURENSÁN DO BARCO DE VALDEORRAS

- *O proxecto será financiado na súa totalidade pola consellería, a través da Empresa Pública de Obras e Servizos Hidráulicos, e ten un prazo de execución de 18 meses*
- *As obras consistirán na instalación de tres colectores, divididos en varios treitos, que solucionarán as deficiencias actuais do saneamento nos treitos de Viloira, Viloval e Veigamuíños*

A Consellería de Medio Ambiente e Desenvolvemento Sostible investirá 3.700.000 euros nas obras de saneamento das marxes do río Sil, nos treitos de Viloira, Viloval e Veigamuíños, no concello ourensán do Barco de Valdeorras. O Consello da Xunta aprobou hoxe a colaboración económica e técnica entre a Administración autonómica e o concello para executar o proxecto, que será financiado na súa totalidade pola consellería, a través da Empresa Pública de Obras e Servizos Hidráulicos (EPOSH).

Esta actuación ten como obxectivo solucionar as deficiencias existentes no saneamento no núcleo do Barco de Valdeorras, xa que na actualidade as verteduras ao Sil, tanto na zona de San Roque como na marxe esquerda do río, non están conectadas coa estación depuradora (EDAR); e ademais a falta de aliviadoiros de crecentes fai que a depuradora non teña capacidade para tratar o gran volume de auga que se produce en época de choivas fortes.

As obras, que teñen un prazo de execución de 18 meses, consistirán na instalación de tres colectores, divididos, pola súa vez, en varios treitos. Un dos colectores estará situado en Rubiá e constará de tres treitos de tubo conectados coa rede municipal. Outro, sito na marxe esquerda do río, contará con catro tramos definidos, e, por último, instalarase un colector en Veigamuíños que incluírá tres aliviadoiros e dous bombeos. Finalmente prevese a reposición dos servizos afectados polas obras .

O financiamento do proxecto distribuirase en dúas anualidades, a primeira con cargo aos orzamentos deste ano, por importe de 1,2 millóns de euros; e a segunda prevista nos orzamentos do 2009 por valor de 2,5 millóns de euros.



A XUNTA DE GALICIA MANIFESTA O SEU APOIO INSTITUCIONAL Á CANDIDATURA DE VIGO PARA SER SEDE DA XXVII UNIVERSIADA DE VERÁN 2013

O Concello de Vigo iniciou de forma activa a preparación da candidatura de Vigo para ser sede oficial da XXVII universiada de verán no ano 2013. Este evento que ten lugar cada dous anos e que convoca a uns 10.000 deportistas duns 170 países, cifras superadas só polos Xogos Olímpicos. O programa deportivo está composto por dez disciplinas de carácter obrigatorio: atletismo, fútbol, baloncesto, voleibol, tenis de mesa, esgrima, natación, salto e waterpolo, ximnasia artística e rítmica, e por tres disciplinas de exhibición. As sedes nas que se desenvolverá nos próximos anos serán Belgrado (Serbia) en 2009 e Shenzhen (China) 2011.

O desenvolvemento da XXVII universiada en Vigo suporá un grande proxecto económico, social, deportivo e cultural que repercutirá na área de influencia da cidade olívica e no conxunto de Galicia; tamén pode ser unha oportunidade extraordinaria para proxectar ao noso país no ámbito internacional.

A celebración deste grande evento deportivo suporá unha mellora e maior difusión de hábitos de saúde e ocio entre a poboación e proporcionará os valores inherentes ao espírito do deporte para todas e todos.

Por todo o antedito, a Xunta de Galicia manifesta o seu apoio institucional á candidatura de Vigo para ser sede da XXVII universiada de verán de 2013.

O GOBERNO GALEGO APOIA ANTE A UNESCO A CANDIDATURA DA TORRE DE HÉRCULES COMO ELEMENTO INTEGRANTE DO PATRIMONIO DA HUMANIDADE

O Goberno galego elaborou, a través da Consellería de Cultura e Deporte, un moi amplo e completo dossier sobre a Torre de Hércules, con toda a documentación escrita e gráfica necesaria para apoiar a súa candidatura diante da Unesco como elemento integrante do Patrimonio da Humanidade, tendo en conta os seus valores de singularidade como único faro romano conservado en activo, de autenticidade e de integridade como mostra do devir histórico e da evolución da arquitectura en tempos da Ilustración, e de universalidade como referencia indubidable da navegación a escala mundial, ademais de estar vinculado ó Camiño Inglés de Santiago.

A elección dos bens que pasan a integrarse na Lista de Patrimonio Mundial tómase no seo da Unesco, e o proceso para ser incluído nela e ser declarado Patrimonio da Humanidade é moi longo e complexo xa que inclúe varios procesos sucesivos de selección.

O Goberno da Xunta de Galicia, ademais do traballo realizado e impulsado para elevación do dossier á Unesco, fai expreso o seu apoio institucional á candidatura da Torre de Hércules para ser declarada Patrimonio da Humanidade.